



/:Eu teñ'un can do paleiro  
que de noit'anda ceibado:/  
/:ten coidado, Maruxiña,  
Maruxiña, ten coidado:/

/:As mociñas que hai agora  
non saben lava-la roupa:/  
saben pasea-los mozos  
dunha parte para outra.

Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
/:quen a pudera coller:/  
quen a pudera levar  
pola mar abaixo vai  
unha troita no mar.

Se quieres que yo te diga  
la pura de la verdá:  
mucho tienes de bonita  
pero más de falsedá.

Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
/:quen a pudera coller:/  
quen a pudera levar  
polo mar abaixo vai  
unha troita no mar.

/:Tengo lo que tu no tienes:/  
/:un reló que da la i-hora  
y un molino que muele:/

De los tres colores, madre,  
la morena es la mejor,  
/:la blanca la lleva el aire,  
la encarnada el amor:/



Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
quen a pudera coller.

Por amor de Dios che pido  
que teña-los ollos quietos,  
que podemos ser amigos  
a mais non ser descubertos.

Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
/:quen a pudera coller (x3):/  
pola mar abaixo vai  
unha troita de pé.

/:O bribón do merlo macho  
¡donde foi face-lo niño!/  
na horta do señor cura,  
no mais alto ramalliño.

Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
quen a pudera coller.

/:O muíño da Baldoña  
bota silvas darredor:/  
as mozas que van alí  
todas perden a color.

Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
quen a pudera coller.

As mociñas de Boado  
velas acolá che van,  
levan o saltar da pegha  
mai-lo andar do can.

Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
quen a pudera coller.



As mociñas de Boado  
cando van xuntas prá misa,  
entran pola porta ghrande  
parece a flor de Ghalicia.

Pola mar abaixo vai  
unha troita de pé,  
corre que te corre, vai,  
quen a pudera coller.